

**LITERATURA**  
**SEGUNDO PREMIO - 2006**

**Purificación Rodríguez Rodríguez**



# A aventura do mar

A ti...  
que con coraxe arriscas  
a cultura que che deron,  
a cultura do teu pobo  
que viviches dende neno.

A ti...  
quero decirche...  
que no meu país te espero.

A ti...  
que con saudade  
dís adeus á túa terra,  
esa que te viu medrar  
e te despide con pena.

Diche adeus con unha bágoa  
salpicándote no mar;  
quixera ofrecerche futuro  
quixera ofrecerche máis.

É unha terriña pobre  
pero rica en cultura,  
onde de neno pasaches  
da infancia á aventura.

Agora deixala triste;  
quérela desafiar.  
Non che ofrece boa vida,  
miras angustiada o mar.

Pos un pe naquela lancha;  
o outro quere quedar.  
Pero axiña da-lo salto  
non te queres defraudar.

Ti revolve-los teus ollos  
non te atreves a mirar.  
Algún día voltar a ela...  
¡Algún día voltarás!

Pecha-la porta á tristura:  
o feito, feito está.  
Ábre-la porta á esperanza:  
a ilusión estáte a agardar.

Soñas con mellor vida  
iso mesmo vas buscar;  
soñas un mundo novo  
de igualdade e de paz.

Aquela lancha sacude  
o teu corpo a derivar,  
tamén che sacude todos  
os pensamentos do mal.

O medo achégase a ela  
vai contigo a navegar.  
¡Quén poidera da-la volta!  
¡Quén poidera voltar atrás!

Agárraste forte á vida  
na morte, mellor non pensar;  
o mar salpica a túa mente,  
o mar estáte a avisar.

A tua lancha non resposta;  
ó amigo téndeslle a man;  
comeza no corpo o medo;  
as ondas seguen a medrar.

A película da túa vida  
na túa mente pasa xa.  
Ollos pechados, nostalxia,  
non hai tempo para recordar.

Nunca pensaches que aquilo  
puidese acontecer...  
que aquela onda anoxada  
te puidese sorprenden.

Mergulloute sin piedade,  
sin permiso, sin razón;  
mergullou a túa vida,  
mollou o teu corazón.

O teu corpo á deriva  
deixou pronto de loitar,  
as ansias de mellor vida  
engulíronse no mar.

Ese mar que che ofrecía  
viaxar, mellorar, traballar...  
Ese mar que te traizoa.  
Ese mar quérete xa.

Non o culpas, él é forte,  
él sabe desafiar;  
convertírate en escurría...  
Seguirán as burbullas a soñar.

Volverás á túa terra  
as súas praias bañarás...  
Volverá a túa alma.  
Veña, acouga xa.

A ti...  
que con coraxe arriscas  
todo o que che deron...

A ti...  
quero decirche...  
que no meu país te espero.